# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
# DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

IES PRIMEIRO DE MARZO-BAIONA

CURSO 2022-2023

## PROFESORADO DO DEPARTAMENTO:

Mª Cruz Domínguez Pérez
Dosantos Delgado, Tamara
Marcote Cal, Antía
Sande Siaba, Lucía

## NIVEIS DE ENSINO NOS QUE SE IMPARTE NO CURSO 2022-23:

1º ESO
2º ESO
2º ESO PMAR
3º ESO
4º ESO
1º BACHARELATO
2º BACHARELATO
Módulo CeS 2º FPB

ÍNDICE:

a) Introdución e contextualización da programación. (p.5)
b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais. (p.6)
c) Concreción dos obxectivos para o curso. (p.6)
d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:
1º. Temporalización.
2º Grao mínimo de consecución para superar a materia.
3º Procedementos e instrumentos de avaliación.

2º ESO (p. 12)
2º PMAR (p. 25)
4º ESO (p. 47)
2º BACHARELATO (p. 72)

e) Concreción metodolóxicas que require a materia. (p. 128)
f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar. (p. 130)
g) Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado. (p. 132).
h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente. (p. 134)
i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. (p. 136)
j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios

en determinadas materias, no caso do bacharelato. (p. 137)
K) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados. (p. 137)
l) Medidas de atención á diversidade. (p. 138)
m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda. (p. 140)
n) Actividades complementarias e extraescolares programadas. (p. 142)
ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. (p. 143)
o) Tratamento de FOMENTO DA LECTURA. (p. 144)
p) PLAN ANUAL. (p. 144)

# a) Introdución e contextualización.

O alumnado de ESO procede maioritariamente da Educación Primaria do CEIP Fontes, CEIP Sabarís e CEIP Mestre Manuel García de Oia. En xeral, o nivel socio-cultural de procedencia é medio-baixo. Aínda que hai fortes contrastes a nivel socio-económico.

Atopámonos, polo tanto, grupos moi heteroxéneos: alumnado con moitas dificultades de aprendizaxe que precisa adaptacións curriculares, TDAH, que están suxeitos nalgúns casos a medicación, un caso de síndrome de Asperger... Moitas dificultades para cumprir os obxectivos da Programación Didáctica. Para atender en parte a este alumnado cunha problemática de aprendizaxe máis complexa contamos cunha Especialista en Pedagoxía Terapéutica, ademais dos programas de atención á diversidade como PMAR en 2º ESO ou actividades como as do Club de Lectura , do Club de Ciencias ou as deseñadas polos departamentos didácticos para tentar motivar ao alumnado con altas capacidades ou especial motivación para o estudo, que tamén ten boa representación no noso centro.

O Bacharelato acolle, ademais de alumnos/as do noso centro, a alumnado que recibimos do CEIP Cova Terreña, do Ensino Privado e algúns alumnos que decidiron incorporarse de novo ao ensino pos-obrigatorio, despois de probar outras experiencias.

Polo tanto, esta programación vaise desenvolver nun contexto caracterizado pola diversidade de capacidades, actitudes e intereses existentes no alumnado de bacharelato. Estas diferenzas débense a que hai alumnos que teñen hábitos de traballo e coñecementos ben asentados na ESO e outros que teñen serias dificultades para seguir o establecido na programación. Consideramos imprescindible na mesma medida que na ESO, un número razoable de alumnos/as por aula, para que realmente se poidan cumprir os obxectivos marcados nesta programación, e non só os mínimos esixibles. Sobre todo tendo en conta que unha boa parte do alumnado ten que preparar as probas ABAU.

## b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais.

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, que consideran que as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. Das sete competencias clave identificadas no Decreto traballaremos no noso currículo as seguintes:

a) Comunicación lingüística (CCL).
b) Competencia dixital (CD).
d) Aprender a aprender (CAA).
e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

## c) Concreción dos obxectivos para o curso.

### Obxectivos curriculares da Educación Secundaria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía

democrática.

b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico.

f. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

g. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

h. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

i. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

j. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

k. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

l. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

m. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e

representación.

n. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## Obxectivos de Lingua galega e literatura

Esta materia, coma outras que desenvolven contidos lingüísticos, ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achega as ferramentas e os coñecementos necesarios para que se desenvolvan satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, esta materia lingüística persegue o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.

Segundo se establece no currículo, a materia de Lingua Galega e Literatura preséntase, en todos os cursos das etapas de educación

secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en cinco bloques, o que non debe implicar que a actividade docente se corresponda con esta ordenación, senón que, pola contra, se deben producir múltiples conexións entre todos eles.

- Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar.
- Bloque 2.Comunicación escrita. Ler e escribir.
- Bloque 3. Funcionamento da lingua.
- Bloque 4. Lingua e sociedade.
- Bloque 5. Educación literaria.

O bloque 1, «Comunicación oral. Escoitar e falar», atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A realidade sociolingüística de cada centro docente determinará a atención que o profesorado deberá dedicar na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

O bloque 2, «Comunicación escrita. Ler e escribir», ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

O bloque 3, «Funcionamento da lingua», integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque 4, «Lingua e sociedade», céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación
habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

O bloque 5, «Educación literaria», asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

O tratamento de todos estes contidos ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliables, neste currículo. A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

## d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

**1º. Temporalización.** **Terase en conta o calendario escolar para o curso 2022-23.**

**2º Grao mínimo de consecución para superar a materia.**

**3º Procedementos e instrumentos de avaliación.**

# 2º ESO

| LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º ESO[1] | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Temporalización | | | | Instrumentos de avaliación | | |
| Estándares de aprendizaxe | 1ªAv . | 2ªAv . | 3ªAv . | Proba escrita | Proba oral | Traballo de clase | Traballo en grupo ou cooperativo |
| **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR** | | | | | | | |
| Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e académico. | X | X | X | | | X | X |
| Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía | X | X | **X** | | | X | |
| Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | X | X | X | | | X | X |
| Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas. | X | X | X | | X | X | X |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica, castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata progresivamente, de evitalos. | X | X | X | | X | X | X |
| Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). | X | X | X | | X | X | X |
| Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura. | X | X | X | | X | X | X |
| Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | X | X | X | | X | X | X |
| Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas, documentais). | X | X | X | | X | X | X |
| Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. | X | X | X | | X | X | X |
| Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. | X | X | X | | X | X | X |
| Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | X | X | X | | X | X | X |
| Intervén en debates e coloquios do ámbito académico con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. | | X | X | | X | X | X |
| Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica, castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. | | X | X | | X | X | X |
| **BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR** | | | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua. | X | X | X | X | | X | |
| Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións. | X | X | X | X | | X | X |
| Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. | X | X | X | X | | X | |
| Recompila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros,revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de Internet. | X | X | X | | | X | X |
| Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos. | | | X | | | X | X |
| Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. | X | X | X | | | X | X |
| Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) | X | X | X | | | X | X |
| Adecúa as súas expresión ao rexistro formal académico. | X | X | X | X | | X | X |
| Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas) | X | X | X | X | | X | X |
| Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas. | X | x | X | X | | X | X |
| Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter académico: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das distintas materias curriculares. | X | X | X | X | | X | X |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | X | X | | X | | X | |
| Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido. | X | X | X | X | | X | |
| Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. | X | X | X | | | X | X |
| Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. | | X | X | X | | X | X |
| Busca información na web para identificar topónimos galegos de orixe prerromana, latina, xermánica e árabe. | | | X | | | X | X |
| Comprende e interpreta textos propios da vida académica, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. | | X | X | X | | X | X |
| Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. | | | X | | X | X | X |
| Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe. | | X | X | | X | X | X |
| Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter académico: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das distintas materias curriculares. | X | X | X | X | X | X | X |
| Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. | X | X | X | | | X | X |
| Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). | X | X | X | | X | | |
| Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | X | X | X | | X | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares. | X | X | X | X | | X | X |
| Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. | | | X | X | X | | X |
| Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto. | X | X | X | | X | X | X |
| Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. | X | X | X | X | X | | |
| Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións. | X | X | X | | X | X | X |
| Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. | X | X | X | X | | X | X |
| Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. | X | X | X | X | | X | |
| Recompila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de Internet. | X | X | X | | | X | X |
| Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias) | | X | X | X | | X | |
| Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares. | | X | X | X | | X | X |
| Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos | | | | | | | |
| Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores). | X | X | X | X | X | X | X |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas) | X | X | X | X | | X | X |
| **BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA** | | | | | | | |
| Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro. | X | X | X | X | X | X | X |
| Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega. | X | X | X | | X | | X |
| Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | X | X | X | X | X | X | X |
| Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta. | X | X | X | | | X | X |
| Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. | X | X | X | | | X | X |
| Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual. | X | X | X | X | | X | X |
| Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. | X | X | X | X | X | X | X |
| Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto. | | X | X | X | X | | X |
| Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propoñendo solucións para a súa mellora | X | X | X | X | | | X |
| Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | | X | X | X | | | X |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Intervén en debates e coloquios do ámbito académico con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. | | | X | | X | | X |
| Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica, castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos | | X | X | X | | | X |
| Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. | X | X | X | | X | | X |
| Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | X | X | X | X | X | X | X |
| Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes. | X | X | X | X | | X | X |
| Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | X | X | | X | | X | X |
| Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa | X | X | X | X | X | X | X |
| **BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE** | | | | | | | |
| Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. | X | X | X | X | X | X | X |
| Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadase aplica estes conceptos ao caso galego. | | X | X | X | X | X | X |
| Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música, xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía. | X | X | X | | | X | X |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na da súa contorna. | | X | X | X | X | X | X |
| Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran. | | | X | X | X | X | X |
| Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo da súa contorna (concello, comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas. | | X | X | X | X | X | X |
| Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | X | X | X | | X | X | X |
| Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na da súa contorna. | | X | X | X | X | X | X |
| Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | | X | X | | X | X | X |
| Coñece e valora os topónimos galegos. | X | X | X | | X | X | X |
| Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo. | | X | X | X | | X | X |
| Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego | | X | X | X | X | X | X |
| Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil. | X | X | X | | X | X | X |
| Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. | | X | X | X | X | X | X |
| Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | | X | X | X | X | X | X |

| BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios. | X | X | X | X | X | X | X |
| Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | X | | | X | X | | X |
| Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade erelaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos. | X | X | X | | X | | X |
| Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | X | | | X | X | X | X |
| Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | X | X | X | X | | | X |
| Sírvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | X | X | X | | | X | X |
| Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. | X | X | X | X | | X | X |
| Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións. | X | X | X | X | | X | X |
| Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | | | X | X | | X | X |
| Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos. | | X | | X | X | X | X |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Le dramatizada e comprensivamente e recoñece pezas teatrais. | | | x | x | x | x | x |

# MÍNIMOS ESIXÍBEIS.

### BLOQUE 1 (B1). COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR.

B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de información de crónicas, reportaxes e documentos procedentes dos medios de comunicación audiovisual.

B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo.

B1.3. Desenvolvementos de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado e do alumnado.

B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

B1.6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, corrección e cohesión.

B1.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.

### BLOQUE 2(B2).COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.

B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquema, resumos, etc.

B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do

alumnado, diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.

B2.3. Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).

B2.4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente os instrutivos e os expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.

B2.5. Uso progresivo e autónomo das bibliotecas e das TIC para seleccionar información.

B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro da voz.

B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios), para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.

B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.

B2.11. Produción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativos: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares.

B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente narrativos e descritivos.

B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) Tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.

B2.14. Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.

## BLOQUE 3 (B3).FUNCIONAMENTO DA LINGUA.

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.

B3.3. Uso eficaz de dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa.

B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

B3.6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa coherencia textual.

B3.7. Recoñecemento da estrutura dos substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.

B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais coma léxicos.

B3.9. Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.

eso

B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integradora.

## BLOQUE 4 (B4). LINGUA E SOCIEDADE.

B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.

B4.2. O plurilingüísmo como expresión de riqueza cultural da humanidade.

B4.4. Situación sociolingüística do galego.

B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara o proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara o seu uso e consciencia da necesidade e da potencialidade de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.

B4.6. Situación legal das lingua do estado español.

B4.7. Prexuízos lingüísticos.

B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

**BLOQUE 5 (B5). EDUCACIÓN LITERARIA.**

B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.
B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.
B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.
B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
B5.7. Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

**OBSERVACIÓN**. En canto á recuperación dos estándares non superados, o alumnado deberá ir realizando unha serie de boletíns baixo o seguimento e supervisión da docente até que logre a súa superación. No caso de non conseguilo, na terceira avaliación deberá

superar unha proba escrita e no caso de non facelo, terá que ir á proba extarordinaria de final de xuño con todos os contidos da materia.

A secuencialización dos contidos pode ser alterada en función das necesidade pedagóxicas.

# 2º ESO PMAR

***Observación: A secuencialización dos contidos pode ser alterada en función das necesidades pedagóxicas***

Os Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento constitúen unha medida de atención á diversidade na ESO. Con eles procúrase a integración das distintas materias ao redor de unidades ou bloques, cunha dimensión globalizadora ou interdisciplinar.

## 1. OBXECTIVOS.

**BLOQUE LINGÜÍSTICO: COMUNICACIÓN, LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ**

a. Ler e comprender o sentido global dun texto para extraer información relevante e distinguir tipoloxías a partir da intención comunicativa.

b. Producir textos orais ou escritos desenvolvendo a imaxinación, achegando a opinión propia, dando interpretacións persoais e plasmando experiencias persoais e sentimentos.

c. Escoitar activamente.

d. Comprender a necesidade de comunicación e coñecer todos os elementos que interveñen na comunicación verbal e non verbal, a intención comunicativa e os tipos de textos que de aí derivan.

e. Recoñecer a intención comunicativa da narración, do diálogo, da descrición, da exposición e da argumentación en textos de ámbito familiar, social, académico, publicitario, xornalístico e literario, os seus elementos, as súas partes, os seus trazos lingüísticos, e aprender a preparar textos.

f. Observar e recoñecer as categorías gramaticais: o substantivo, o adxectivo, o determinante, o pronome, o verbo, o adverbio, as preposicións, as conxuncións, as interxeccións e algunhas locucións, e diferenciar os seus usos e valores en textos dados.

g. Coñecer as distintas clases de sintagmas e os seus constituíntes, para crear oracións e recoñecer nestas o suxeito, o predicado, os casos de impersonalidade e os valores semánticos que as dotan de coherencia.

h. Recoñecer a existencia de dous predicados nunha oración composta coordinada, xustaposta e subordinada, e identificar a existencia ou non de nexos que os unen.

i. Coñecer o concepto de texto como unidade lingüística, valorar a importancia que adquire o contexto e a intención comunicativa para captar o seu sentido, e comprender a necesidade da súa coherencia, cohesión e adecuación.

j. Utilizar o dicionario.

k. Descubrir a orixe das palabras, a creación de palabras novas, a súa formación e as relacións de significado que manteñen con outras palabras.

l. Coñecer as diferentes linguas que se falan na Península ibérica, valorar a riqueza e a pluralidade lingüística como patrimonio cultural, así como as diferentes variedades que presenta o uso dunha lingua. Coñecer a diferenza entre linguas minoritarias e linguas minorizadas.

m. Valorar a correcta ortografía na produción escrita a partir do coñecemento das regras básicas e a súa posterior aplicación.

**BLOQUE LITERARIO: LITERATURAS GALEGA E CASTELÁ**

a. Valorar a expresión literaria fronte á común, o coñecemento do contexto para interpretar un texto literario e o patrimonio cultural que a literatura achega.

b. Coñecer os xéneros literarios (narrativo, lírico e dramático) e identificar os seus trazos diferenciadores en textos dados para interpretalos correctamente.

c. Desenvolver a capacidade creativa literaria favorecendo o desenvolvemento da imaxinación, da autonomía e da iniciativa persoal.

d. Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e do coñecemento do mundo, e consolidar hábitos lectores.

**BLOQUE DAS CIENCIAS SOCIAIS: XEOGRAFÍA, HISTORIA**

**Xeografía:**

a. Explicar as características da poboación europea.

b. Comparar a poboación de diferentes países europeos segundo a súa distribución, evolución e dinámica.

c. Diferenciar os distintos sectores económicos europeos.

d. Comparar paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica e clasificalas a partir de imaxes.

e. Distinguir no mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.

f. Explicar a pirámide de poboación española e das diferentes comunidades autónomas, con especial atención á poboación galega.

g. Analizar en distintos medios os movementos migratorios das últimas décadas en España e en Galicia.

h. Interpretar textos que expliquen as características das cidades españolas utilizando Internet e outros medios.

i. Distinguir os diferentes tipos de cidades europeas.

j. Resumir as diferenzas entre o urbano e o rural en Europa.

k. Situar os espazos naturais españois nun mapa e explicar a situación dalgúns.

**Historia:**

a. Comparar as formas de vida do Imperio romano coas dos reinos xermánicos.
b. Utilizar as fontes históricas e entender os límites do coñecemento histórico.
c. Caracterizar a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.
d. Comprender as orixes do islam e o seu alcance posterior.
e. Explicar a importancia de Al-Ándalus na Idade Media.
f. Interpretar mapas que describan os procesos de Reconquista e repoboación cristiáns na Península ibérica.
g. Recoñecer as características básicas da arte prerrománica.
h. Comprender o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.
i. Explicar a importancia do Reino de Galicia e do Camiño de Santiago.
j. Describir a importancia da arte románica, gótica, islámica e mudéxar.

## 2. COMPETENCIAS CLAVE.

**Competencia Lingüística**

- Desenvolver habilidades lingüísticas para comprender un texto e para expresarse oralmente e por escrito.
- Escoitar e participar activamente tendo en conta as convencións sociais implícitas nos procesos de comunicación.
- Desenvolver habilidades para enriquecer e ampliar o vocabulario.
- Desenvolver habilidades para expresar e compartir ideas propias e recoñecer as doutros.
- Recoñecer os trazos que diferencian ás distintas tipoloxías textuais para mellorar a comunicación.
- Desenvolver habilidades para aplicar os coñecementos gramaticais na comunicación diaria.
- Ampliar o vocabulario utilizando o dicionario.

- Recoñecer e valorar a pluralidade lingüística e a variedade das linguas en distintas situacións e en diferentes ámbitos.
- Recoñecer a importancia da correcta ortografía nos escritos de calquera ámbito, especialmente o académico.
- Interpretar e usar con propiedade a linguaxe específica das Ciencias Sociais.
- Expresar, resumir e comprender textos históricos e descritivos da realidade socioeconómica que nos rodea.
- Expoñer e debater ideas propias ou procedentes de diversas fontes históricas ou actuais.
- Redactar correctamente comentarios de texto e interpretar imaxes de carácter xeográfico e histórico.
- Describir e fundamentar a realidade cotiá doutros lugares e outros tempos.
- Usar habilidades lingüísticas para a comprensión de fragmentos literarios narrativos, líricos e dramáticos, e fomentar así o gusto pola lectura.
- Aplicar os coñecementos literarios adquiridos para crear textos literarios persoais.
- Ler obras enteiras e recoñecer nelas a importancia do contexto en que se escribiron.

**Competencia dixital:**

- Buscar, obter, seleccionar e procesar información en distintos soportes das TIC.
- Manexar dicionarios para ampliar o coñecemento de palabras e descubrir a súa orixe.
- Comunicar información en distintos soportes das TIC.
- Utilizar e descodificar linguaxes específicas: textual, numérico, icónico, visual e gráfico.
- Buscar, seleccionar, procesar e presentar información a partir de fontes diversas e en formas variadas en relación cos fenómenos sociais, históricos e xeográficos.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**

- Utilizar estruturas lóxicas indutivas ou dedutivas para crear textos coherentes.
- Manexar a escritura de símbolos científicos e números.
- Utilizar correctamente a linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos sociais.

- Usar con propiedade as ferramentas matemáticas básicas para as Ciencias Sociais: táboas de datos, pirámides de poboación, gráficas de datos socioeconómicos etc.
- Desenvolver a capacidade de observación crítica e proveitosa do ámbito social e físico, obtendo información útil para iso.
- Asumir o método científico propio das Ciencias Sociais para aproximarse á realidade que nos rodea.
- Ser capaz de explicar ou xustificar fenómenos cotiáns relacionados coa Historia e a Xeografía.
- Recoñecer a importancia das Ciencias Sociais e da súa repercusión na nosa calidade de vida.

**Aprender a aprender:**

- Ler analiticamente para extraer ideas básicas para a comprensión dun texto.
- Utilizar coñecementos previos para contextualizar un texto.
- Recoller información obtida para interpretar correctamente o texto.
- Traballar de xeito autónomo para controlar e autoavaliar as súas propias capacidades.
- Traballar cooperativamente e de xeito produtivo e responsable para conseguir un obxectivo.
- Identificar e manexar diversidade de respostas posibles ante unha mesma situación.
- Deducir informacións máis alá das contidas nun texto.
- Utilizar os coñecementos adquiridos para a creación de textos persoais.
- Utilizar os coñecementos lingüísticos para mellorar a comunicación oral e escrita.
- Aplicar as regras ortográficas en todos os escritos.
- Utilizar os coñecementos pragmáticos textuais para mellorar a comunicación oral e escrita.
- Utilizar os coñecementos adquiridos sobre as variedades para saber usar a lingua en distintas situacións.
- Analizar os fenómenos sociais, históricos e xeográficos, buscando a xustificación e tratando de identificalos no ámbito cotián.
- Desenvolver as capacidades de síntese e de dedución aplicadas aos fenómenos sociais e xeográficos.

▪ Potenciar as destrezas propias das Ciencias Sociais, tendo como referencia a metodoloxía propia das devanditas ciencias.

**Competencias sociais e cívicas:**

- Saber comunicarse en distintos contextos, expresando as ideas propias, escoitando e respectando os demais.
- Compartir con outros coñecementos previos sobre o tema central do texto proposto.
- Descubrir o significado de signos non verbais que son habituais no ámbito social.
- Desenvolver habilidades para expresar ideas propias nas súas relacións cos demais.
- Participar de xeito activo en traballos cooperativos.
- o Fomentar capacidades para desenvolver a organización na vida privada e social.
- o Desenvolver habilidades para asumir as diferenzas entre as persoas e a aceptación destas.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

▪ Converter ideas propias en algo creativo. Desenvolver a imaxinación para inventar palabras, siglas, abreviaturas e símbolos nos seus escritos.

▪ Desenvolver a imaxinación e a creatividade individual e compartir as novas ideas co grupo. Asumir tarefas dentro do traballo cooperativo

▪ Alcanzar iniciativas para tomar partido por unha ou outra opción.

▪ Desenvolver o espírito crítico e o afán de coñecer.

▪ Desenvolver capacidades para valorar o tempo e o esforzo na organización persoal.

▪ Ler en público, recitar, dramatizar un texto de autor ou de creación propia.

▪ Defender posturas persoais en faladoiros e debates.

▪ Aprender a empatizar para descubrir e entender os sentimentos dos demais. Cuestionando os prexuízos sociais ou ideas preconcibidas.

- Ser competitivo cun mesmo para mellorar a aprendizaxe.
- Alcanzar propostas de solución ante situacións hipotéticas.
- Desenvolver a capacidade de propoñer análise e explicacións da realidade social do ámbito e deseñar proxectos de actuación, de acordo co interese xeral.
- Ser capaz de levar a cabo proxectos ou traballos sinxelos relacionados coas Ciencias Sociais.

**Conciencia e expresións culturais:**

- Recoñecer o valor que ten a expresión na literatura.
- Valorar o patrimonio literario galego e español.
- Gozar lendo, creando, recitando, dramatizando.
- Recoñecer o valor creativo que ten o teatro.
- Apreciar a importancia que posúe a expresión teatral ante un público.
- Converter ideas propias en debuxos creativos.
- Desenvolver o sentido do humor.
- Representar e visualizar modelos que axuden a comprender as características da arte medieval.
- Valorar e preservar a expresión artística e o patrimonio cultural europeo, español e galego.
- Recoñecer o valor transcendental que ten a poesía.
- Apreciar a importancia que posúe a expresión de emocións e de sentimentos a través da poesía.
- Valorar a importancia que posúe o desenvolvemento da imaxinación.
- Manifestar sentimentos persoais a partir da creación poética.
- Desenvolver o ritmo e a musicalidade.
- Desenvolver habilidades plásticas para crear un decorado.
- Gozar protagonizando un programa de televisión.
- Alcanzar a satisfacción persoal a partir da creación propia, da súa difusión e do recoñecemento por parte dos outros.
- Desenvolver hábitos de lectura.

## 3. CONTIDOS MÍNIMOS.

**LINGUA GALEGA**

1.As unidades lingüísticas: substantivo, adxectivo, verbo, frase, cláusula.

2. As principais funcións que se establecen no interior das cláusulas: suxeito, predicado, complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial.

3. Os procesos de formación de palabras.

1.As relacións semánticas entre as palabras.

2. O alfabeto. Correspondencia entre grafías e fonemas. A acentuación gráfica. Uso de grupos consonánticos.

3. A situación lingüística na Península ibérica.

4. Linguas minorizadas e linguas minoritarias.

**LITERATURA**

1.A literatura e o seu contexto. A linguaxe literaria. A historia literaria. Os xéneros literarios.

2. O xénero narrativo. O punto de vista da narración. Os acontecementos narrables. Os personaxes. O tempo e o espazo na narración. A valoración dun texto narrativo.

3. O xénero dramático. Os diálogos teatrais. A estrutura dunha obra dramática. Os personaxes. A representación teatral.

4. O xénero lírico. A forma poética. A mensaxe poética. Os recursos lingüísticos e literarios na poesía.

5. A creación literaria: o microrrelato, o conto, o relato de misterio, os haikus e o rap. A dramatización. Os concursos literarios. O Día do Libro.

6. A xustificación da lectura comprensiva das obras de lectura obrigatoria.

**CIENCIAS SOCIAIS**

**Xeografía**

1. Europa e a súa poboación: desequilibrios, dinámicas, movementos migratorios e modelos demográficos.
2. As actividades económicas europeas e as súas políticas. Desigualdades e desequilibrios.
3. As paisaxes humanizadas españolas. A acción humana sobre o territorio.
4. Problemas ambientais españois, a contaminación e o desenvolvemento sostible.
5. A organización territorial do Estado español.
6. As institucións autonómicas de Galicia.
7. A poboación española e galega, características xerais e migracións.
8. As cidades europeas e españolas e a súa evolución. O proceso de urbanización. A cidade como ecosistema.

**Historia**

1. A Idade Media. Concepto e subetapas: Alta, Plena e Baixa Idade Media.
2. A «caída» do Imperio romano en Occidente: división política e invasións xermánicas.
3. Os reinos xermánicos e o Imperio bizantino (Oriente).
4. O feudalismo.
5. O islam e o proceso de unificación dos pobos musulmáns.
6. A Península ibérica: invasión musulmá (Al-Ándalus) e os reinos cristiáns.
7. A Plena Idade Media en Europa (séculos XII e XIII). A evolución dos reinos cristiáns e musulmáns. Emirato e califato cordobés. Reinos de Castela e Aragón. Reconquista e repoboación.
8. O Reino de Galicia e o Camiño de Santiago.
9. A expansión comercial europea e a recuperación das cidades.
10. A Baixa Idade Media en Europa (séculos XIV e XV). A crise e a peste negra e as súas consecuencias. Al-Ándalus: os reinos de taifas e os reinos de Castela e Aragón.
11. A arte románica, gótica, islámica e mudéxar.

**LINGUA CASTELÁ**

1. As categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, verbo, adverbio, pronome, determinante, preposicións, conxuncións, locucións.
2. Os sintagmas e os seus constituíntes. A estrutura oracional: o suxeito, a impersonalidade e o predicado.
3. A oración como unidade semántica. A creación coherente de oracións compostas.
4. O texto como unidade lingüística: a intención comunicativa, o contexto, o sentido, a coherencia, a cohesión e a adecuación.
5. A orixe, a formación e o significado das palabras. O manexo do dicionario.
6. As variedades xeográficas, situacións e sociais da lingua española.
7. A correspondencia entre grafías e fonemas. A entoación. A escritura de siglas, acrónimos, abreviaturas e símbolos. O uso do til. A ortografía das letras. Os signos de puntuación.

## 4. METODOLOXÍA.

- Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento constitúen unha medida de atención á diversidade que se pode desenvolver a partir do segundo curso da ESO. Este Programa contempla unha docencia de dous cursos previsiblemente cos mesmos profesores nos ámbitos polo que os obxectivos han de acadarse ó final desta etapa.

- Utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e materias organizadas de maneira diferente á establecida con carácter xeral, coa finalidade de que os alumnos e as alumnas poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Este programa será flexible: haberá que adaptar os contidos, e mesmo os obxectivos, se procede, ás súas necesidades reais, aos seus intereses e expectativas, ademais de ás súas capacidades e ritmo de aprendizaxe .

- Procuraremos estimular a indagación persoal e o intercambio fluído de opinións seguindo fundamentalmente dous eixos de acción: o traballo por proxectos e a aprendizaxe cooperativa, en definitiva, un xeito de traballar que desenrole a súa capacidade crítica e a súa autonomía persoal.

• A programación orientarase ao desenvolvemento das capacidades de comprensión, expresión oral, escrita e audiovisual, interacción e razoamento e potenciarase especialmente a comunicación e convivencia, o coñecemento e valoración dos bens culturais e colectivos, a formación para a realización de xuízos persoais e críticos e actitudes de tolerancia e compromiso na solución de problemas e na execución de proxectos.

• A relación ensino-aprendizaxe fundaméntase na interdisciplinaridade e a ensinanza ao mesmo tempo integradora e individualizada.

• Tras a avaliación inicial do nivel do alumnado, nun primeiro momento, priorizaranse, sempre que sexa posible, aqueles contidos máis procedimentais por entender que os alumnos aos que vai dirixido este PMAR non se senten motivados á aprendizaxe de interpretacións conceptuais da realidade, senón á indagación e descubrimento persoal daquelas claves que sirvan para unha interpretación obxectiva e persoal sobre a realidade das sociedades actuáis e da súa propia realidade. Por tanto, atenderase especialmente aqueles contidos máis prácticos e funcionais. Así traballarase de xeito especial a busca de información en fontes de diverso tipo, a realización de traballos de investigación; a elaboración de sínteses e conclusións sobre a información obtida: elaboración de esquemas, resumos, mapas, a presentación, os hábitos de traballo na aula e na casa, o hábito lector, traballar o vocabulario, uso do dicionario e de internet… Traballarase tamén a composición de textos empregando diversos soportes, entre eles o informático, o que contribuirá ó desenvolvemento do tratamento da información e a competencia dixital.

As linguas vehiculares no ensino-aprendizaxe serán alternativamente a lingua galega e a castelá dependendo do proxecto ou tarefa nos que se estea a traballar, procurando o desenvolvemento das capacidades lingüístico-comunicativas do alumnado nas dúas linguas.

O obxectivo principal será o de perfeccionar as destrezas lingüísticas básicas (escoitar, falar, ler e escribir) afianzando o coñecemento da norma das dúas linguas e o seu uso adecuado en situacións comunicativas diferenciadas. Dende este ámbito, a lectura, interpretación e valoración de obras literarias é unha achega importante ao desenvolvemento da competencia artística e cultural. Igualmente o é establecer relacións interdisciplinares entre a lingua, a literatura e outras materias do currículo así como con outras manifestacións artísticas como a música, a pintura, o cine…

Por outro lado, as achegas da área de Ciencias Sociais han de contribuír a que o alumnado comprenda, reflexione e asuma criticamente os problemas do mundo actual e, en particular os da súa contorna inmediata: problemas que xorden das interaccións que as sociedades manteñen co seu territorio entre si, e aqueles que teñen que ver cos antecedentes e a memoria histórica da nosa sociedade.

Posto que se considera que o estudante é o suxeito fundamental do seu proceso de aprendizaxe, crear na aula dinámicas que impliquen ao alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades, de cara a regular o seu propio proceso de aprender a aprender para propiciar a construción de aprendizaxes significativas.

## 5. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN.

Teranse en conta os seguintes criterios de avaliación, fixados por lei:

**COMUNICACIÓN**

Le e comprende un texto, relacionado co tema do eixe central da unidade, recoñece a intención comunicativa, algúns elementos propios da súa tipoloxía, a mensaxe axudándose da investigación e sintetiza as ideas principais.

Produce textos escritos para expresar os seus sentimentos, comunicar as súas experiencias persoais, expoñer ideas e defender unha opinión.

Produce textos orais para expoñer e compartir ideas ou defender unha opinión.

Escoita activamente os outros, participa, respecta a quenda de palabra e opina con criterio.

Recoñece a importancia da intención comunicativa para interpretar un texto e os elementos que constitúen un acto de comunicación.

Coñece o concepto de narración e recoñece en textos dados a intención comunicativa, os seus elementos e a súa estrutura, e aplica estes coñecementos para a creación de textos orais e escritos.

Coñece o concepto de diálogo e recoñece en textos dados a intención comunicativa, os trazos do diálogo na creación de textos orais e escritos, e aprende a conversar e a escoitar.

Coñece o concepto de descrición e recoñece en textos dados a intención comunicativa, distingue a descrición obxectiva da subxectiva e aplica os seus coñecementos para a creación de textos descritivos.

Coñece o concepto de exposición e recoñece en textos dados a intención comunicativa, os trazos lingüísticos propios da exposición, así como a súa estrutura, e aplica os seus coñecementos para a creación de textos expositivos.

Coñece o concepto de argumentación e recoñece en textos dados a intención comunicativa, os trazos lingüísticos propios da argumentación, así como a súa estrutura, e aplica os seus coñecementos para a creación de textos argumentativos.

**LINGUA GALEGA**

Distingue as categorías gramaticais en enunciados e en textos, recoñecendo os seus valores significativos, a concordancia entre substantivo e adxectivo e a morfoloxía verbal.

Identifica a categoría gramatical substantivo e coñece o xénero e número.

Distingue a categoría gramatical adxectivo, coñece os graos do adxectivo e usa adecuadamente as conxuncións comparativas.

Identifica a categoría gramatical verbo e coñece a morfoloxía verbal.

Distingue unha sintagma e oración.

Identifica sintagmas substantivos, adxectivas, adverbiais, nominais e preposicionais.

Recoñece as funcións que se poden dar no interior dun sintagma

Distingue as funcións de suxeito e predicado e coñece as unidades que poden desempeñar a función de suxeito. Recoñece cando o suxeito aparece elidido.

Coñece os tipos de oracións en función da natureza do predicado.

Identifica os complementos directo, indirecto e circunstancial e coñece as unidades que realizan esas funcións.

Manexa o dicionario con soltura para buscar o significado e a orixe das palabras, e interpreta correctamente toda a información gramatical que se dá sobre as palabras.

Coñece a formación das palabras e identifica os lexemas, os morfemas flexivos (que achegan información gramatical sobre a palabra, como xénero e número),os morfemas derivativos (prefixos e sufixos, que achegan novos significados á palabra base) e as desinencias verbais.

Coñece as principais relacións semánticas: distingue casos de sinonimia, polisemia e homonimia, de antonimia, termos complementarios e inversos, así como de hiperonimia, hiponimia e cohiponimia, en enunciados e en textos.

Coñece a diversidade lingüística da Península ibérica e as linguas do Estado español.

Valora a pluralidade lingüística de España como enriquecemento cultural e patrimonial.

Coñece os conceptos de linguas minoritarias e minorizadas e aplícaos ao caso galego.

Coñece as regras ortográficas básicas –acentuación gráfica, letras, uso das diferentes grafías, grupos consonánticos, signos de puntuación– para aplicalas en todos os seus escritos de ámbito académico e persoal.

Valora a correcta ortografía, revisa os seus escritos e preséntaos con pulcritude e esmero.

**LITERATURA**

Comprende o significado do que é literario fronte ao que non o é, recoñece os recursos expresivos e lingüísticos da expresión literaria e valora o patrimonio literario actual como pervivencia de valores humanos.

Recoñece a narración fronte a outras tipoloxías do ámbito literario a partir da lectura e comprensión de textos na rrativos literarios de diferentes épocas e correntes estéticas.

Recoñece os trazos do xénero dramático fronte a outras tipoloxías do ámbito literario a partir da lectura e compren sión de textos narrativos literarios de diferentes épocas e correntes estéticas.

Recoñece as características do xénero lírico fronte a outras tipoloxías do ámbito literario a partir da lectura e com prensión de textos narrativos literarios de diferentes épocas e correntes estéticas.

Crea textos literarios de diferente índole comunicativa, desenvolvendo a súa creatividade, recita un poema e dramatiza unha obriña de teatro.

Valora a creación literaria como manifestación da sensibilidade artística e dos sentimentos, e como desenvolvemento da imaxinación.

Le e comprende as obras de lectura obrigatorias e recoñece os trazos peculiares dos seus xéneros respectivos

Goza lendo e interésase por outras lecturas opcionais propostas.

**CIENCIAS SOCIAIS**

**Xeografía**

Analiza a poboación europea, a súa distribución, evolución, dinámica, migracións e políticas demográficas.

Recoñece as actividades económicas que se realizan en España, nos tres sectores, e identifica as políticas económicas.

Identifica as principais paisaxes humanizadas españolas, identificándoas por comunidades autónomas.

Coñece e analiza os problemas e retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas.

Coñece a organización territorial e administrativa española. Coñece o carácter de nacionalidade histórica de Galicia e recoñece as súas principais institucións autonómicas: Parlamento de Galicia, Xunta de Galicia e Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Analiza as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, así como os movementos migratorios. Coñece e analiza as características da poboación galega e a historia da emigración en Galicia.

Recoñece as características das cidades españolas e as formas de ocupación do espazo urbano.

Comprende o proceso de urbanización, os seus proles e as súas contras en Europa.

Coñece os principais espazos naturais protexidos españois, a nivel peninsular e insular.

**Historia**

Coñece as principais características da civilización romana e as causas da decadencia de Roma.

Describe a situación económica, social e política dos pobos xermánicos.

Caracteriza a Alta Idade Media recoñecendo a dificultade das fontes históricas.

Explica a organización feudal e as súas consecuencias.

Analiza a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns nos seus aspectos socio-económicos, políticos e culturais.

Entende o proceso da conquista e repoboación dos reinos cristiáns na Península ibérica e as súas relacións con Al-Ándalus.

Coñece a historia de Galicia durante a Idade Media e a orixe do Camiño de Santiago. Comprende o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.

Comprende as funcións diversas da arte na Idade Media.

**LINGUA CASTELÁ**

Distingue categorías gramaticais en enunciados e en textos, recoñecendo os seus valores significativos, a concordancia entre substantivo e adxectivo, a deíxe de determinantes e pronomes, a morfoloxía verbal, as clases de adverbios, a distinción entre preposicións e conxuncións, a expresividade das interxeccións e algunhas locucións de uso común.

Identifica a categoría gramatical do núcleo dun sintagma para recoñecer de que claseé.

Recoñece os constituíntes dun sintagma nominal, adxectival e adverbial, e identifica en oracións o sintagma verbal.

Identifica a formación dunha oración en sintagmas e nos seus constituíntes mínimos: suxeito e predicado, e intúe casos de impersonalidade; clasifica oracións pola actitude do emisor.

Recoñece os valores semánticos nunha oración.

Identifica dous predicados nun enunciado para recoñecer oracións compostas e en textos dados.

Distingue semanticamente diferentes clases de oracións compostas, recoñece os seus nexos e o uso de signos de puntuación na xustaposición.

Recoñece a importancia do contexto e da intención comunicativa do emisor para captar o sentido dun texto, e analiza a coherencia, a cohesión e a adecuación en textos dados.

Manexa o dicionario con soltura para buscar o significado e a orixe das palabras, e interpreta correctamente toda a información gramatical que se dá sobre as palabras.

Coñece a procedencia dalgunhas palabras, así como a súa formación en lexemas, morfemas derivativos e morfemas gramaticais que achegan información do xénero e do número, en siglas e en acrónimos.

Distingue casos de sinonimia e antonimia, de polisemia e homonimia, e de monosemia e polisemia en pares de palabras, en enunciados e en textos.

Interpreta os dereitos e deberes constitucionais sobre as linguas de España.

Coñece en que lugares concretos se falan as diferentes linguas e dialectos españois, e recoñece en textos dados algu nhas das súas peculiaridades fónicas, morfolóxicas e semánticas.

Coñece algúns trazos da variedade xeográfica do español de América e dos usos da lingua en distintas situacións e ámbitos sociais.

Valora a pluralidade lingüística como enriquecemento cultural e patrimonial español.

Coñece as regras ortográficas básicas –tiles, letras, signos de puntuación e escritura de siglas, acrónimos, abreviaturas e símbolos– para aplicalas en todos os contextos.

## 6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Para obter a cualificación do alumnado manexaremos, entre outros, os seguintes **instrumentos de avaliación**:

- A avaliación inicial dos coñecementos e capacidades do alumnado.
- A observación directa e continua do traballo diario na aula.
- A revisión regular dos cadernos de clase.
- Valoración do interese e esforzo que o alumno/a mostra na súa relación coa materia.
- A anotación do grao de aplicación das instrucións dadas polo profesor á hora de realizar os distintos traballos ou actividades que se vaian propondo.
- A atención prestada ao proceso de comprensión, expresión e produción de textos orais e escritos por parte dos alumnos.
- Probas orais e escritas.
- Traballos individuais ou en grupo.
- Valoración do uso oral do galego e castelán normativos no intercambio comunicativo que se produce durante a clase.
- Observación do interese e esforzo mostrados en corrixir hábitos lingüísticos inadecuados.

- Análise do grao de participación en diversas actividades de clase.
- Posibles actividades de autoavaliación e coavaliación dos alumnos, para que desenvolvan unha visión crítica sobre o seu propio proceso de aprendizaxe.

Tendo en conta as especiais características do PMAR e o carácter continuo e formativo da avaliación adaptaremos tamén os criterios xerais de cualificación do departamento para este mesmo nivel. Os **criterios de cualificación** quedan establecidos do seguinte xeito:

**a)** As **probas de control das aprendizaxes adquiridas orais ou escritas** suporán un 50% da nota da avaliación, facendo media aritmética entre elas. Farase un mínimo de dúas probas escritas sobre os contidos traballados. Procurarase un certo equilibrio no grao de coñecementos adquiridos nas partes de Lingua e Sociais, procurando que o alumno obteña unha avaliación positiva en cada parte**.**

**b)** O 50% da nota restante obterase coas tarefas realizadas na aula (resumos, comentarios, exercicios e outras evidencias do traballo escrito) con probas orais e con controis das lecturas obrigatorias. Para iso, efectuarase un rexistro do traballo diario na aula, mediante fichas de seguimento do alumnado e a revisión do caderno. Para as probas orais utilizaranse rúbricas.

No caso de que o alumno ou alumna non acade unha cualificación positiva, contémplase a posibilidade de facer unha recuperación por avaliación.

## 7. ALUMNOS CON MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.

Acórdase que aquel alumnado que non teña superadas todas as materias do curso anterior poderá acadar o aprobado se a mellora na materia vén confirmada pola cualificación favorable da 1ª avaliación do curso actual. En caso de non conseguir uns resultados positivos, deberá realizar o exame fixado na data correspondente

## 8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención á diversidade dos alumnos e alumnas hai que entendela como un elemento da práctica docente diaria. Segundo as necesidades de cada momento, axustarase a actuación na aula, ofrecendo respostas diferenciadas en función dos ritmos de aprendizaxe. Nesta liña, contemplamos actividades de reforzo para aqueles alumnos e alumnas cuxos ritmos de aprendizaxe sexan máis lentos, actividades de motivación para o alumnado con materias pendentes e unha atención personalizada e adaptada ás necesidades de cada alumno, seguindo os protocolos existentes para o tratamento da diversidade e as directrices do Departamento de Orientación.

## 9. PLAN LECTOR. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O alumnado de 2º de PMAR deberá ler polo menos dúas obras de literatura ao longo do curso, unha obra de literatura galega e outra de literatura castelá. A lectura poderá efectuarse durante o horario lectivo, con supervisión da docente.

Por outra banda, o alumnado tamén participa do plan anual lector coordinado pola Biblioteca, para o que se lle ofrecerá unha selección de lecturas axeitadas aos seus intereses.

Como actividades complementarias, contémplase a participación nas actividades organizadas polo Equipo Dinamización Lingüística e o Club de Lectura, así como a celebración de efemérides como o Día do Libro, o Día da Paz, Día contra a Violencia exercida contra as mulleres, o Día das Letras e todas as que se propoñan no centro. Entre as actividades extraescolares, contemplase a asistencia a representacións teatrais.

## 10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

No ámbito lingüístico-social trabállase cunha gran variedade de recursos didácticos, acorde coa diversidade de materias integradas neste ámbito, así como a diversidade de capacidades e gustos do alumnado. O alumnado conta cun libro de texto específico deseñado para o tratamento conxunto das materias que integran o Ámbito Lingüístico e Social.

Ademais facilitaráselle ao alumnado, se é necesario, material en forma de fotocopias ou a través dun soporte dixital, materiais de traballo doutros manuais como: atlas escolares, mapas políticos e físicos mudos do mundo, de Europa, de España, de Galicia; cadernos para mellorar a expresión e comprensión escritas, a gramática; outras obras de lectura propostas pola docente (tamén fragmentos); reportaxes, artigos de opinión, noticias ou crónicas xornalísticas interesantes para ilustrar contidos de ciencias sociais ou para practicar a comprensión de textos.

# 4.º ESO

***<u>Observación: A secuencialización dos contidos pode ser alterada en función das necesidades pedagóxicas</u>***

## ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

O currículo da área de Lingua Galega e Literatura agrúpase en varios bloques. Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe formúlanse para 4.º ESO.

Na súa redacción, respectarase a numeración dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe tal e como aparece no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

## CONTIDOS

**Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar Escoitar.**

B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo.

B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual.

B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).

B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.

B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.

B1.6. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

B1.8. Escoita crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.

B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC.

B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.

B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

B1.12. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.

B1.13. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.

**Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.**

**Ler**

B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.

B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.

B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto manuais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en Internet.

B2.4. Comprensión e interpretación de textos argumentativos.

B2.5. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.

B2.6. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.

B2.7. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios.

B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.

**Escribir**

B2.9. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).

B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.

B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.

B2.12. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos xornalísticos de opinión.

B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

B2.14. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.

B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases.

B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.

B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o *n* velar ou a entoación).

B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestión de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.

B3.6. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

B3.7. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.

B3.8. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.

B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual.

B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.

B3.11. Identificación e explicación dos trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.

B3.12. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.

B3.13. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

**Bloque 4. Lingua e sociedade**

B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.

B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.

B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.

B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.

B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.

B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.

B4.8. Prexuízos lingüísticos.

B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

**Bloque 5. Educación literaria**

B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.

B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

**Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar**

B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual.

LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante.

LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias.

LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias e debates procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos.

B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios, diferenciar neles información, opinión e persuasión.

LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización.

LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor).

LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais.

B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).

LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.

LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura.

B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.

LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.

B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.

LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.

LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.

LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.

B1.6. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

LGB1.6.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.

LGB1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.

LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.

B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, *n* velar e fonema fricativo palatal xordo).

LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.

LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.

B1.8. Manifestar unha actitude crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.

LGB1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación.

LGB1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.

B1.9. Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC.

LGB1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas.

LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.

LGB1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.

LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.

LGB1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.

B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.

LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonéticos e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.

B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.

LGB1.11.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.

B1.12. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.

LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.

B1.13. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.

LGB1.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.

**Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir**

B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.

LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).

LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.

LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.

LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.

LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.

B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.

LGB2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.

LGB2 2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral, administrativo e comercial.

B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto manuais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en Internet.

LGB2 3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto manuais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en Internet.

LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.

B2.4. Comprender e interpretar textos argumentativos.

LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos.

LGB2.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nun texto.

B2.5. Comprender e interpretar textos xornalísticos de opinión: editorial, columna, artigo de opinión…

LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión.

LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.

B2.6. Comprender e interpretar as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.

LGB2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).

LGB2.6.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.

B2.7. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

LGB2 7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

LGB2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación, con especial atención á publicidade.

B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.

LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.

LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.

B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).

LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais)

LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.

LGB2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.

LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente.

LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.

B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.

LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega.

LGB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas, etc.

LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións.

B2.11. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos, tanto en formato papel como dixital: laborais, administrativos e comerciais.

LGB2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral, administrativo e comercial.

B2.12. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos de opinión.

LGB2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos de opinión.

B2.13. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa.

LGB2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida.

B2.14. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo.

LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como unha ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.

**Bloque 3. Funcionamento da lingua**

B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.

LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.

Analizar un fragmento da obra de Otero Pedrayo, atendendo á súa temática, así como á relación entre as técnicas narrativas e a orientación ideolóxica do autor. Comentar un relato de Vicente Risco, en relación co conxunto da obra do autor, o seu pensamento e o recurso ás fontes populares.
Realizar un comentario literario guiado dun texto de Castelao.
Explicar a función do elemento gráfico que acompaña o texto.
Empregar un cadro auxiliar para analizar temática e estruturalmente a narración e comentar a distribución das partes en relación co seu significado. Analizar os recursos formais empregados, baixo guía, e comentar a súa funcionalidade, achegando exemplos.
Expoñer a súa interpretación do texto e valoralo criticamente, en relación coa obra do autor e o seu contexto.

B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975:
Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.

- Sintetizar os principais cambios socioeconómicos, culturais e políticos que se produciron entre 1936 e 1975.
- Describir o contexto cultural en que se desenvolve literatura galega de posguerra, no interior e no exilio.
- Coñecer as principais liñas temáticas e estilísticas da lírica galega de posguerra.
- Coñecer as traxectorias dos representantes da lírica no exilio (Luís Seoane, Lorenzo Varela e Eduardo Blanco Amor) e comentar os trazos propios da obra poética destes autores.
- Comentar as características da obra poética de posguerra de Álvaro Cunqueiro.
- Explicar a corrente neovirxilianista e identificar os trazos característicos da obra dos seus representantes.
- Explicar os trazos propios do intimismo existencialista e comentar a obra poética dos seus representantes.
- Describir a traxectoria de Celso Emilio Ferreiro e analizar, baixo guía, textos representativos das diferentes etapas da súa obra poética.
- Coñecer a traxectoria de Manuel María e identificar e comentar os trazos propios da súa produción lírica.
- Relacionar unha serie de enunciados cos autores/as e obras aos que se refiren.
- Unir os títulos dunha serie de obras cos autores ou autoras correspondentes. Adscribir unha serie de enunciados ás etapas literarias ás que se refiren.

Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.

- Resumir as tendencias en que pode clasificarse a narrativa de posguerra, destacando os condicionamentos políticos, sociais e económicos en que se desenvolveu.
- Describir a narrativa do exilio e coñecer os seus principais representantes.
- Explicar os trazos xerais da narrativa de Ánxel Fole, en relación co seu carácter etnográfico.
- Describir os trazos xerais do relato social e identificar as características da obra narrativa de Xohana Torres e Xosé Neira Vilas.
- Identificar razoadamente os principais trazos da Nova Narrativa Galega e coñecer os seus representantes.
- Coñecer a traxectoria de Álvaro Cunqueiro.
- Explicar e comentar as características temático-estilísticas da narrativa de Álvaro Cunqueiro.
- Coñecer e analizar os trazos definitorios da triloxía de «relatos galegos» de Álvaro Cunqueiro.
- Coñecer a traxectoria de Eduardo Blanco Amor.
- Explicar as características comúns entre as dúas novelas en galego de Eduardo Blanco Amor.
- Identificar e comentar os trazos principais da narrativa breve de Eduardo Blanco Amor.Coñecer os representantes e trazos fundamentais do ensaio galego na etapa da posguerra.
- Relacionar unha serie de enunciados cos autores/as e obras aos que se refiren.
- Razoar a veracidade dunha serie de enunciados relativos aos contidos estudados.

Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.

- Resumir as características xerais do teatro galego entre 1943 e 1973, en relación co seu contexto histórico.

B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

Contextualizar a composición no conxunto da obra poética á que pertence e comentar a súa temática en relación co contexto sociohistórico en que foi escrita.
Analizar e explicar a estrutura do poema, baixo guía.
Realizar unha análise formal e estilística, seguindo unhas pautas.
Expoñer a súa interpretación do texto e valoralo criticamente, en relación coa obra do autor e o seu contexto. Analizar os elementos propios da Nova Narrativa presentes nun fragmento da obra de Carlos Casares.
Analizar un fragmento dunha novela de Álvaro Cunqueiro desde o punto de vista formal, estrutural e temático, en relación co conxunto da obra do autor. Realizar un comentario literario guiado dun fragmento da obra de Ramón de Valenzuela.
Situar a obra no seu contexto e sinalar no fragmento os elementos propios da tendencia realista. Analizar temática e estruturalmente o fragmento e exemplificar a caracterización dos personaxes.
Valorar o texto no seu conxunto, relacionando os seus trazos formais, estruturais e pragmáticos.
Analizar un fragmento de *A fiestra baldeira,* de Rafael Dieste, de xeito guiado e en relación co seu contexto.
Analizar, de xeito guiado, un fragmento de *O incerto Señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca,* de Álvaro Cunqueiro, en relación coa obra de Shakespeare. Realizar un comentario literario guiado dun fragmento de *Os vellos non deben de namorarse,* de Castelao.
Determinar os dous tipos de discurso empregados na obra e sinalar os elementos populares presentes nela. Analizar a estrutura da obra, en relación coa súa temática.
Comentar a caracterización dos personaxes.
Sinalar os elementos tradicionais e innovadores na obra.

B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade:

Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.

Explicar o contexto social e político da literatura galega de 1975 ata a actualidade. Describir as características comúns da lírica galega entre 1975 e 1990.
Explicar os trazos propios da poesía galega entre 1976 e 1980 e coñecer a obra dos autores significativos: Xosé Luís Méndez Ferrín, Arcadio López Casanova e Alfonso Pexegueiro. Describir as características comúns da lírica galega da promoción dos 80.
Coñecer os trazos propios da obra dos representantes da estética formalista na promoción dos 80.
Describir os trazos propios da obra dos representantes da poesía da experiencia na promoción dos 80. Coñecer as características obra dos representantes da estética experimentalista na promoción dos 80. Describir as tendencias e trazos característicos da lírica feminista da promoción dos 80.
Describir as características e tendencias da poesía dos 90 e inicios do século XXI. Responder preguntas sobre os contidos estudados.
Adscribir unha serie de tendencias ás súas épocas e características. Relacionar autores e obras cos seus trazos propios.

Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.

Sinalar os trazos xerais da narrativa do século XX e comezos do XXI.
Explicar as características e principais tendencias da narrativa durante a chamada Transición (1975-1982). Recoñecer as características e principais tendencias da narrativa galega durante a década de 1980. Describir os trazos característicos e as principais direccións da narrativa galega a partir dos anos 90.
Coñecer as principais liñas exploradas no ensaio das últimas décadas do século XX, así como os seus representantes. Responder preguntas relativas aos contidos estudados.
Relacionar unha serie de obras cos seus autores e autoras.

Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.

Sinalar as características e tendencias principais do teatro galego posterior a 1975.
Explicar os trazos propios do teatro na fin do século XX e coñece as liñas temáticas destacadas. Describir os trazos xerais da obra dos/as dramaturgos/as da promoción dos 80.
Explicar as características da obra dos autores e autoras teatrais da xeración dos 90.

| |
|---|
| B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.<br>Analizar, de xeito guiado, un poema de Méndez Ferrín, en relación coas súas referencias intertextuais..<br>Contextualizar o texto, achegando exemplos. Analizar o plano enunciativo<br>do poema.<br>Realizar unha análise estrutural e formal do texto.<br>Analizar, baixo guía, un fragmento da obra de Xosé Miranda, en relación cos trazos propios do seu xénero. Analizar, de xeito<br>guiado, un fragmento da obra de Miguel Anxo Murado.<br>Analizar, baixo guía, un fragmento da obra de Diego Ameixeiras, en relación cos trazos propios do seu xénero. Realizar un<br>comentario literario guiado dun fragmento de *Xoguetes para un tempo perdido,* de Carlos Casares.<br>Situar razoadamente a obra no seu contexto.<br>Determinar o tema tratado no texto. Realizar unha análise estrutural<br>do relato.<br>Analizar, baixo guía, a temporalización do fragmento.<br>Caracterizar os personaxes.<br>Comentar o punto de vista empregado e sinalar as técnicas narrativas utilizadas. Analizar os recursos<br>formais, de xeito guiado.<br>Contextualizar a obra, empregando información complementaria. Facer unha análise<br>estrutural do fragmento.<br>Analizar a caracterización dos personaxes.<br>Realizar unha análise da obra desde o punto de vista técnico-formal. |
| B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. |

## OBXECTIVOS MÍNIMOS ESIXIBLES 2º BACHARELATO

- Comprender en que consiste a planificación lingüística e diferenciar os procesos de normalización e normativización dunha lingua. Aplicar os coñecementos á lingua galega.
- Comprender o proceso de normativización da lingua galega e de construción da variedade estándar.
- Recoñecer o galego como unha lingua en vías de normalización e coñecer os axentes normalizadores.
- Coñecer os diferentes tipos de interferencias e as desviacións da norma que se producen no galego: hipergaleguismos, vulgarismos, préstamos, lusismos, castelanismos.
- Coñecer a historia da lingua galega durante o primeiro terzo do século XX.
- Recoñecer e valorar o traballo desenvolvido en prol da lingua galega polas Irmandades da Fala, a xeración Nós e o Seminario de Estudos Galegos.
- Coñecer o marco lexislativo e político en que se desenvolveu a lingua galega durante o primeiro terzo do século XX.
- Coñecer a historia da lingua galega durante a época que vai dende a Guerra Civil ata o remate da ditadura: marco sociopolítico e características lingüísticas fundamentais.
- Coñecer as características lingüísticas fundamentais que presentaba o idioma galego da época.
- Coñecer as características do sistema fonético e fonolóxico da lingua galega.
- Saber dar de maneira oral unha opinión crítica sobre as ideas expresadas nun texto.
- Coñecer e valorar a diversidade dialectal da lingua galega.
- Coñecer os bloques e áreas dialectais do galego.
- Escoitar e identificar textos dialectais pertencentes a distintos bloques.
- Reflexionar sobre os estereotipos e prexuízos lingüísticos, a nivel xeral e analizando o caso galego en concreto.
- Coñecer a estrutura que presentan as palabras e os morfemas polos que están constituídas.

- Recoñecer os distintos tipos de morfemas que forman as palabras (lexemas, prefixos e sufixos), así como coñecer que é unha familia léxica.
- Coñecer os distintos tipos de palabras segundo a súa estrutura: simples, derivadas, compostas, parasintéticas.
- Recoñecer a diferenza entre as unidades e as funcións sintácticas que se establecen dentro da cláusula.
- Coñecer os tipos de relacións que se establecen entre as unidades.
- Identificar a frase como unha unidade sintáctica, así como coñecer a diferenza entre frases endocéntricas e exocéntricas.
- Diferenciar as frases simples, complexas e coordinadas.
- Coñecer as unidades que poden desempeñar as funcións na cláusula.
- Identificar determinantes e pronomes demostrativos, coñecer os distintos valores do posesivo, acentuación ortográfica, diferenciar os distintos graos do adxectivo, diferenciar parónimos.
- Identificar o dativo de solidariedade e recoñecer a súa función semántica
- Analizar frases sintacticamente.
- Coñecer e analizar a unidade sintáctica cláusula, así como os seus distintos tipos: simples e complexas, subordinadas substantivas, subordinadas adxectivas e subordinadas adverbiais.
- Coñecer e analizar os distintos tipos de oracións coordinadas: adversativas, copulativas, disxuntivas, distributivas.
- Coñecer e reflexionar sobre as propiedades do texto.
- Coñecer os procedementos de cohesión textual: recorrencia, paráfrase, substitución e elipse.
- Identificar e empregar adecuadamente nas composicións escritas os conectores textuais organizadores do discurso e organizadores de ideas.
- Identificar a estrutura dun texto tendo en conta os seus trazos formais e o seu contido.
- Analizar as principais características lingüísticas e formais dun texto.
- Identificar os diversos tipos de textos, recoñecer a idea principal e reflexionar sobre a estrutura xeral: texto informativo.
- Identificar os diversos tipos de textos. Recoñecer as partes e as ideas principais dun texto e facer un comentario crítico.
- Diferenciar a tese dos argumentos nun texto argumentativo.
- Comprender, producir e valorar textos narrativos.
- Identificar os diversos tipos de textos, recoñecer o argumento ou asunto e reflexionar sobre a estrutura e sobre a organización da información: texto narrativo.

- Compoñer producións escritas planificadas sobre temas de actualidade, adecuadas á situación e á intención comunicativa tendo en conta a súa estrutura e as súas características (texto argumentativo).
- Compoñer textos escritos ofrecendo a opinión persoal sobre un asunto de actualidade.
- Saber determinar o tema dun texto.
- Saber subliñar un texto de modo eficiente.
- Saber elaborar un mapa conceptual para organizar e representar as ideas dun texto.
- Saber como poñer un título a un texto.
- Saber como elaborar un esquema.
- Coñecer a técnica de elaboración de resumos eficientes.
- Coñecer os campos semánticos e a súa relación coa definición semántica das palabras.
- Coñecer os cambios semánticos, así como os conceptos de denotación, connotación, tabú e eufemismo.
- Coñecer as características da lírica galega durante o primeiro terzo do século XX.
- Coñecer o contexto sociopolítico, económico e cultural en que se desenvolveu a literatura galega do primeiro terzo do século XX.
- Recoñecer e valorar a obra lírica de Ramón Cabanillas como unha das producións máis importantes da literatura galega de comezo do século XX.
- Coñecer os distintos movementos de vangarda que se produciron en Galicia e a súa influencia na literatura.
- Recoñecer e valorar a obra poética vangardista de Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro e Federico García Lorca («poemas galegos»).
- Coñecer as características da prosa galega durante a época que vai de 1936 a 1975.
- Coñecer as principais características da narrativa do exilio.
- Coñecer as principais obras e autores da Nova Narrativa Galega: Gonzalo R. Mourullo, X. L. Méndez Ferrín, Carlos Casares, Camilo Gonsar, María Xosé Queizán, Lois Diéguez, Xohán Casal.
- Recoñecer e valorar a obra narrativa de Álvaro Cunqueiro (novelas e relatos) coma unha das máis importantes da súa época.
- Recoñecer e valorar a obra narrativa de Eduardo Blanco Amor (novelas e relatos) como unha das máis importantes da súa época.
- Coñecer as características da prosa galega durante o primeiro terzo do século XX.

- Coñecer a importancia do labor desenvolvido polas Irmandades da Fala e polo grupo Nós para configurar a prosa galega de comezos de século.
- Coñecer as características da poesía galega durante a época que vai de 1936 a 1975.
- Coñecer o contexto sociopolítico, económico e cultural en que se desenvolveu a literatura galega de 1936 a 1975.
- Coñecer as principais obras e autores da xeración de 1936: voces do exilio.
- Coñecer os principais autores da corrente do socialrealismo: Celso Emilio Ferreiro e Manuel María.
- Recoñecer e valorar a obra lírica de Celso Emilio Ferreiro como unha das máis importantes da súa época.
- Coñecer as características do teatro galego durante a época que vai de 1900 a 1975.
- Coñecer as principais características do teatro rexionalista: Escola Rexional de Declamación, os coros.
- Coñecer as principais características do teatro das Irmandades da Fala: obras e autores (Cabanillas e A. Villar Ponte).
- Coñecer as principais características do teatro do grupo Nós: obras e autores (V. Risco, Otero Pedrayo e Castelao).
- Coñecer as principais características do teatro dos «novos»: obras e autores (Rafael Dieste).
- Coñecer as principais características do teatro da posguerra ou do exilio: obras e autores (Manuel Varela Buxán, Eduardo Blanco Amor e Luís Seoane).
- Coñecer as principais características do teatro dos anos 50: obras e autores (Ricardo Carballo Calero, Jenaro Marinhas del Valle e Álvaro Cunqueiro).
- Coñecer as principais características do teatro dos anos 60 ou teatro independente: obras e autores (Daniel Cortezón e Manuel María).
- Coñecer as principais características do teatro das mostras de Ribadavia e do grupo Abrente: obras e autores (Manuel Lourenzo, Euloxio Rodríguez Ruibal e Roberto Vidal Bolaño).
- Coñecer as características da poesía galega de fins do século XX e comezos do XXI.
- Coñecer o contexto sociopolítico, económico e cultural en que se desenvolveu a literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI.
- Coñecer as principais obras e autores líricos de 1976-1980.
- Coñecer as principais características das obras poéticas da promoción dos 80.
- Estética formalista ou culturalista, a poesía da experiencia, o experimentalismo, a recuperación da voz feminina.
- Coñecer as principais características das obras poéticas dos 90 e os inicios do século XXI, así como dos seus autores e autoras: poesía de transición, poesía provocadora e contestataria, poesía do íntimo e o cotián, outras liñas.
- Coñecer as características da prosa galega de fins do século XX e comezos do XXI.

- Coñecer as características do teatro posterior a 1975.
- Coñecer as principais características, obras e autores do teatro da promoción de 1980.
- Coñecer as principais características, obras e autores do teatro da xeración dos 90.
- Coñecer as principais características, obras e autores do ensaio dende a posguerra á actualidade.

# e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.

**MODELOS METODOLÓXICOS** Modelo discursivo / expositivo. Modelo experiencial. Obradoiros. Aprendizaxe cooperativa. Traballo por tarefas. Traballo por proxectos.

**PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.** Actividade e experimentación. Participación. Motivación. Personalización. Inclusión. Interacción. Relevancia. Funcionalidade.

**Avaliación formativa: Será necesario repasar os contidos xa estudados no curso anterior.**

- A metodoloxía será activa e participativa, de maneira que facilite a aprendizaxe, individual e colectiva, e favoreza a adquisición das competencias básicas, en concreto da lingüística.
- A lectura inicial servirá como motivación para introducir o alumnado nos coñecementos e aprendizaxes que se irán traballando ao longo da unidade.
- Pódese escoitar a lectura no CD-Audio antes de iniciar as actividades de comprensión lectora.
- Fomentarase no alumnado o interese polo aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Fixar hábitos de traballo: responder as actividades do libro, comprender a finalidade dos seus apartados, utilizar o dicionario, facer cadros e clasificacións, redactar textos propios de forma ordenada, asegurar a correcta asimilación de conceptos a través dunha práctica reiterada, etc.
- Fixar hábitos de traballo: utilizar o dicionario e reparar no feito de que a maioría das palabras son polisémicas, manexar unha gramática de apoio que axude a asimilar a colocación dos pronomes átonos, facer cadros e esquemas, afianzar os conceptos mediante a práctica continuada, etc.
- Insistir na utilidade e importancia de facer esquemas para estudar, para recoñecer a estrutura dun texto dado, para estruturar un texto propio, etc.
- Habituar os alumnos e as alumnas a facer cadros e táboas para organizar os contidos teóricos susceptibles de clasificación.

- Estimular no alumnado o interese pola literatura e pola cultura do seu pobo.
- Fomentar a lectura a través de diferentes propostas e recursos que poidan motivar o seu interese cara a determinados temas.
- Motivar os alumnos e alumnas para que escriban as súas propias experiencias e sentimentos.
- Habituar os alumnos e as alumnas a fixarse nas palabras, para intentar comprender que significan, de onde proceden, cal pode ser a súa etimoloxía, etc.
- Facerlles ver aos alumnos e ás alumnas mediante exemplos a importancia de utilizar correctamente (e evitando interferencias) as dúas linguas que comparten a oficialidade na nosa comunidade e que nos enriquecen como persoas e como parte dun colectivo.
- Insistir na importancia de utilizar coa máxima corrección as dúas linguas cooficiais na nosa comunidade, evitando castelanismos e asimilándoas como parte da nosa identidade persoal e colectiva.
- Facerlles ver aos alumnos e ás alumnas as moitas posibilidades e vantaxes que ofrecen os novos medios tecnolóxicos na busca de información, elaboración de traballos e presentacións, etc.
- Fomentar o interese por utilizar as TIC para buscar información de temas que lles resulten atractivos e non aproveitar unicamente as súas vantaxes para o xogo.
- Estimular no alumnado o interese por coñecer algúns autores clásicos da nosa literatura.
- Fomentar a curiosidade cara á investigación de temas concretos e o esforzo por presentar os traballos con corrección e limpeza.
- Estimular no alumnado o interese polo noso contorno natural.
- Crear na aula un clima de confianza de maneira que os alumnos poidan sentirse desinhibidos á hora de intervir oralmente e de participar nas actividades de dramatización.
- Estimular no alumnado o interese por coñecer algúns autores clásicos da nosa literatura.
- Espertar nos alumnos e alumnas o interese pola análise lingüística e pola interpretación gráfica dos elementos dos cómics, de maneira que poidan ser interpretados como unha expresión literaria e artística que vai máis alá dun mero entretemento.

# f) Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.

Libros de texto :

1º ESO: Anaya

2º ESO: Saber Facer Obradoiro Santillana

3º ESO: Anaya

4º ESO: Lingua Galega e Literatura, Consorcio Editorial Galego

1º BACHARELATO: Lingua e Literatura I, Xerais

2º BACHARELATO. Lingua e Literatura II, Xerais

En bacharelato traballaranse na aula modelos de probas de ABAU de convocatorias pasadas para que o alumnado se vaia familiarizando coas mesmas.

**Outros recursos**:

- Lecturas axeitadas ao nivel do alumnado para traballar a transversalidade.
- Películas, vídeos....
- Atlas.
- Dicionarios.
- Gravacións de debates, enquisas ...
- Xornais, láminas, fotografías ...
- Obras de teatro, cómics...
- Contos elaborados polo propio alumnado.

- Modelos de fichas, telegramas, cartas, ...
- Música
- Libros de lectura obrigatorios. Terán que facer a lectura dun libro por trimestre.
- Lecturas comprensivas para traballar CONTIDOS TRANSVERSAIS (adaptadas ao nivel).
- Apuntamentos, fichas, esquemas...

**g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Cualificación cuantitativa:

**1.** Probas de avaliación de contidos.

Terá como clave para o diagnóstico a rúbrica correspondente á unidade.

**2.** Proba trimestral de avaliación por competencias, que permiten verificar o nivel de competencias a través dos estándares de aprendizaxe avaliados en cada. unidade.

**3.** Probas dos libros de lectura. Obrigatoriamente un por trimestre.

**4.** Observación directa:

-Revisión do material do alumnado que supervise contidos (caderno de aula, entregas de traballos), actividades e tarefas que aseguren o cumprimento dos estándares de aprendizaxe avaliables.

-Observación do traballo na aula e revisión das actividades diarias: uso oral e escrito da lingua galega durante a clase, participación positiva e traballo dentro da aula. Asemade ser responsable co material, traendo sempre o necesario para o traballo.

-Participación activa en proposta de actividades de clase e extraescolares.

-Uso oral da lingua galega.

Na **ESO**, a nota final de cada avaliación obterase a partir das seguintes porcentaxes:

- 70% da nota será o resultado das probas obxectivas, sexan estas escritas ou orais.
- 10% dependerá da realización da lectura obrigatoria de cada avaliación.

- 10% destinarase ao uso oral da lingua galega nas clases, exposicións orais e demais.
- 10% avaliará o traballo realizado na clase, deberes...

Para superar a materia de Lingua e Literatura Galega terá que acadar unha nota de **5.**

- A nota resultante da suma das puntuacións anteriores (probas escritas, libros obrigatorios, lingua oral e traballo tanto individual coma en grupo) poderá ser modificada en sentido positivo coa lectura de libros voluntarios (como máximo tres por avaliación), de tal xeito que pola lectura de cada libro voluntario, acreditada a través dun traballo, unha proba oral ou unha proba escrita (segundo o decida o/a profesor/-a), poderán sumárselle por norma xeral 0,25 ou 0,5 puntos máis (podendo chegar ata un máximo de 1 punto), dependendo da comprensión que amose da lectura e da reflexión e análise que o alumnado faga da obra escollida, así como da expresión escrita (presentación, ortografía, exposición das ideas propias con coherencia e cohesión, uso correcto da puntuación e dos parágrafos...).
- A nota da avaliación final do curso obterase da media aritmética das notas das tres avaliacións trimestrais.

En **2º de bacharelato,** a nota final de cada avaliación obterase a partir das seguintes porcentaxes:

- 80% da nota será o resultado das probas obxectivas.
- 10% dependerá da realización da lectura obrigatoria de cada avaliación. Dependendo da comprensión que amose da lectura e da reflexión e análise que o alumnado faga da obra escollida, así como da expresión escrita (presentación, ortografía, exposición das ideas propias con coherencia e cohesión, uso correcto da puntuación e dos parágrafos...) a cualificación será de 0,25; 0,5; 0,75 ou 1 punto.
- 10% destinarase ao uso oral da lingua galega nas clases, exposicións orais e traballo realizado.

- Para superar a materia de Lingua e Literatura Galega terá que acadar unha nota de **5.**
- A nota da avaliación final do curso obterase da media aritmética das notas das tres avaliacións trimestrais.

## h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación debemos considerar unha serie de indicadores de logro que tomen en consideración, como

mínimo, os seguintes elementos: obxectivos, contidos, consecución dos estándares de aprendizaxe, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación ou as causas de non cumprimento, reflexión sobre as posíbeis situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

Propoñemos o seguinte modelo

## Modelo de avaliación da programación didáctica

Docente: Curso e grupo:

| | **Puntos fortes da programación** | **Puntos fracos da programación** | **Aspectos que convén manter no próximo curso** | **Aspectos que cómpre mellorar** |
|---|---|---|---|---|
| Cumprimento dos obxectivos xerais da programación | | | | |
| Desenvolvemento das unidades didácticas | | | | |
| Desenvolvemento das actividades | | | | |
| Funcionamento das metodoloxías aplicadas | | | | |
| Utilización de recursos e materiais didácticos | | | | |
| Consecución dos estándares de aprendizaxe | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Funcionamento dos procedementos de | | | | |
| Pertinencia dos instrumentos de avaliación | | | | |
| Eficacia das medidas de recuperación | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Contribución ao desenvolvemento das competencias | | | | |
| Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de | | | | |
| Dinámica do grupo | | | | |
| Participación en actividades extraescolares e | | | | |
| Medidas de atención á diversidade | | | | |
| Favorecemento da multidisciplinariedade | | | | |
| Favorecemento do tratamento integrado de | | | | |
| Factores que favoreceron o cumprimento da | | | | |
| Causas de non cumprimento da programación | | | | |

## i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

O Alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO que non teña superada a materia de Lingua e Literatura Galega, deberá presentar traballos, expedidos polo Departamento, correctamente resoltos, nos prazos establecidos. Poderá acadar o aprobado na materia pendente, se a mellora da materia en curso vén confirmada polas notas favorables da 1ª Avaliación do curso no que se atope e polos traballos entregados.

De non ser así, deberá presentarse a unha **Proba Extraordinaria de Materias Pendentes** a celebrar no mes de maio.

## j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

O Alumnado de 2º de Bacharelato que non teña superada a materia de Lingua e Literatura Galega 1 deberá presentarse aos exames da materia pendente, tanto dos contidos de literatura coma de lingua. Realizaranse dous exames.

De non aprobar estes exames, deberá presentarse a unha **Proba Extraordinaria da Materia Pendente** a celebrar no mes de maio.

## k.-Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

**Descrición do grupo despois da avaliación inicial.**

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares e en canto aos aspectos competenciais.
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.

***Necesidades individuais***

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. *(Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).*
- Saber as medidas organizativas a adoptar. *(Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual)*.
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

# l) Medidas de atención á diversidade.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Segundo o calendario escolar para o curso 2022-23 realizaranse tarefas de reforzo (para o alumnado que non superase a convocatoria ordinaria) ou ampliación (para o alumnado que superou a proba ordinaria).

É importante mencionar neste apartado o difícil que é aplicar en aulas con moito alumnado o reforzo cara arriba, para alumnado con altas

capacidades. Pensamos que é un sector moi importante do alumnado que non recibe a atención precisa por falta de tempo e para o que é fundamental a redución de alumnos/as por aula. Desde o departamento tratamos de atendelo co estímulo para a realización de lecturas, participación no Club de Lectura ou actividades complementarias, en colaboración co departamento de Orientación e seguindo os protocolos existentes para este tipo de alumnado. Igualmente, en colaboración co departamento de Orientación, adoptaranse as medidas axeitadas para dar resposta ao alumnado con necesidades educativas especiais e atender á diversidade das aulas.

É importante facer constar que este curso contamos no centro cun grupo de PMAR en 2ºESO, no que imparte clase no ámbito sociolingüístico unha profesora do noso departamento.

Tamén impartimos clase no programa de reforzo do ámbito lingüístico (exención de francés) en 1º ESO, que constitúe unha medida de atención á diversidade.

# m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

**Educación cívica e constitucional**. Reflexionar e avaliar comportamentos reflectidos nun texto e axuizar as vantaxes e os perigos de medios de comunicación como Internet. Aprender a traballar en grupo e ofrecer suxestións para contribuír entre todos a mellorar

os procesos de aprendizaxe. Identificar a mensaxe social e cívica que transmiten algúns textos. Identificar e desmontar de forma argumentada certos prexuízos relacionados coas linguas, como a percepción de que existen idiomas fáciles e difíciles.

**Reflexionar sobre os mecanismos axeitados para resolver os conflitos**. Aprender a traballar en grupo e ofrecer suxestións para contribuír entre todos a mellorar os procesos de aprendizaxe . Reflexionar sobre o papel da prensa na configuración da nosa visión do mundo . Reflexionar e avaliar comportamentos reflectidos nun texto de carácter popular, como as adiviñas ou os refráns, para coñecer cal é o imaxinario colectivo do noso pobo; Reflexionar sobre o papel da política na nosa sociedade. Identificar a mensaxe social e cívica que transmiten algúns textos .

Debate sobre a igualdade de homes e mulleres e sobre o acceso das mulleres á educación universitaria . Aprender a traballar en grupo e ofrecer

suxestións para contribuír entre todos a mellorar os procesos de aprendizaxe. Avaliar cos coñecementos para mellorar o seu proceso de aprendizaxe . Reflexionar sobre os prexuízos ou ideas preconcibidas que recibimos de persoas que forman parte doutras etnias. Reflexionar sobre a importancia das linguas no mundo .Reflexionar sobre as causas e os tipos de marxinación que existen na nosa sociedade

**Reflexionar sobre o papel do diñeiro, da especulación, do contrabando e da corrupción na nosa sociedade**. Aprender a traballar en grupo e ofrecer suxestións para contribuír entre todos a mellorar os procesos de aprendizaxe . Reflexionar sobre as vantaxes e as desvantaxes das enerxías renovables e non renovables .

**Reflexionar sobre a diversidade cultural e lingüística no mundo e as conflitivas relacións internacionais actuais** Aprender a traballar en grupo e ofrecer suxestións para contribuír entre todos a mellorar os procesos de aprendizaxe ). Reflexionar sobre as ensinanzas morais e o contido humorístico recollido nos contos populares.

**Promover a realización dun debate na aula sobre o xusto e o legal, en relación cun conflito relacionado coa conservación da natureza**

. Promover a constitución dunha plataforma que organice aos compañeiros da clase fronte algún xeito negativo ou inxusto. Tomar a iniciativa de relatar unha noticia ante os compañeiros de clase 07).

**Reflexionar sobre a conservación do noso patrimonio natural** . Reflexionar sobre a diferenza que existe entre a legalidade e a xustiza . Aprender a traballar en grupo e ofrecer suxestións para contribuír entre todos a mellorar os procesos de aprendizaxe.

**Reflexionar sobre a función social do cine** , o papel da educación en relación ao mundo laboral e os prexuízos lingüísticos . Aprender a traballar en grupo e ofrecer suxestións para contribuír entre todos a mellorar os procesos de aprendizaxe .

**Reflexionar sobre a desigualdade de xénero**, a relación entre as clases sociais e a saúde e a incidencia da poesía nas sociedades modernas . Aprender a traballar en grupo e ofrecer suxestións para contribuír entre todos a mellorar os procesos de aprendizaxe . Valorar dun xeito positivo as tradicións populares, sinaladamente as relacionadas coa música e a danza .

**Reflexionar sobre a conservación da natureza e as medidas de protección dos espazos naturais** , os prexuízos arredor dos usos do idioma galego e a diversidade racial . Aprender a traballar en grupo e ofrecer suxestións para contribuír entre todos a mellorar os procesos de aprendizaxe . Aprende a valorar dun xeito positivo o patrimonio natural e cultural dos pobos e o mundo marítimo-

**Reflexionar sobre a relación entre a lei e a xustiza, o legal e o xusto e a ética das persoas** , a manipulación informativa e o dereito a recibir unha información veraz e o sensacionalismo informativo e a corrupción profesional. Aprender a traballar en grupo e ofrecer suxestións para contribuír entre todos a mellorar os procesos de aprendizaxe Aprende a valorar dun xeito positivo o patrimonio cultural dun pobo, principalmente as súas manifestacións artesanais

**Reflexionar sobre os perigos da rede, so**bre todo en relación co establecemento de relacións interpersoais de carácter anónimo Aprender a traballar en grupo e ofrecer suxestións para contribuír entre todos a mellorar os procesos de aprendizaxe.

**Reflexionar sobre o papel das familias na transmisión xeracional do galego como un elemento fundamental para garantir a supervivencia da nosa lingua** os usos e a presenza do galego na sociedade actual, o futuro da lingua en relación co noso compromiso en defensa do galego e os prexuízos novos e vellos sobre os usos do galego . Aprender a traballar en grupo e ofrecer suxestións para contribuír entre todos a mellorar os procesos de aprendizaxe.

## n) Actividades complementarias e extraescolares programadas.

Salientar que colaboraremos en actividades do Club de lectura, Equipo de Dinamización Lingüística, Club de Ciencias , Día do Libro, Día da Paz, Día contra a Violencia exercida contra as mulleres, Día das Letras e todas aquelas que se propoñan no centro.

# Ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos en proceso de mellora.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programacións didácticas.

Analizaremos nas reunións de Departamento o cumprimento da Programación. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica terase en conta a adecuación da temporalización, da metodoloxía e recursos empregados, o desenvolvemento dos obxectivos didácticos e a claridade dos criterios de avaliación. A finalidade último de todo isto é establecer estratexias de mellora.

-Efectuaremos os cambios e axustes necesarios para o cumprimento dos obxectivos.

-Faremos constar todas as modificacións na Memoria final de curso.

-Atenderemos e subsanaremos as modificacións na Programación Didáctica así como toda suxestión que nos leve a mellorar a consecución dos obxectivos

# o) Tratamento de FOMENTO DA LECTURA.

Ademais das lecturas obrigatorias de cada curso, unha mínimo por avaliación, e das lecturas voluntarias propostas por cada curso e avaliación, o departamento participa de maneira activa no desenvolmento e organización das actividades do Club de Lecturas Lerias. As profesoras de galego, igual cós/cás doutros departamentos, encárganse de animar á lectura dos libros propostos, controlan a súa lectura e participan xunto co alumnado nas reunións mensuais deste club de Lectura, que ten un funcionamento exitoso. Unha das actividades do club é introducir os comentarios dos libros propostos, previamente, no blog do Club de Lecturas Lerias.

Tamén se participa na lectura de libros puntuais relacionados cos temas transversais.

O fomento da lectura comprensiva e da lectura, non só como unha obriga , senón tamén como unha actividade máis do tempo de lecer, é un dos obxectivos básicos da nosa área.

O Departamento colabora no plan anual de lectura elaborado pola coordinadora da Biblioteca, propoñendo e aconsellando lecturas axeitadas a cada nivel educativo.

# p) Plan anual.

Reunións de Departamento. Realizarase polo menos unha por mes.

Actividades:

Manteremos a actividade do Club de Lectura coa colaboración do alumnado que xa formaba parte del e novas incorporacións.

Salientar que colaboraremos en actividades do Equipo de Dinamización Lingüística, Club de Ciencias, Día do Libro, Día da Paz, Día contra a Violencia exercida contra as mulleres, Día das Letras e todas aquelas que se propoñan no centro.